

Contido dos módulos de poesía, impartidos por Silvia Penas do 7 de maio ata o 27 de xuño de 2024

Obradoiro de poesía levada á oralidade nas súas formas contemporáneas

Todos os usos da palabra para todos (...) Non para que todos sexan artistas, senón para que ningún sexa escravo. Gianni Rodari

Poetas son aquelas persoas que conservaron a súa ollada da infancia. Alphonse Daudet

Obxectivos

- Fomentar o interese por descubrir a beleza e a mensaxe que todo bo poema achega.
- Atender ás diferenzas individuais do alumnado e descubrir neles e nelas posibles aptitudes poéticas e de interpretación dramática.
- Introducilos no coñecemento dos valores poéticos cos que conta a lingua galega e a poesía galega tradicional e contemporánea.
- Desenvolver a memoria e a imaxinación.
- Alcanzar maior riqueza léxica, dominio e articulación, entoación e pronunciación, así como maior destreza para a oralidade: falar, expoñer, comunicar en público.

Por que traballar con poesía e oralidade?

-A poesía enriquece a nosa capacidade de uso da linguaxe. Ao tratarse un xénero de discurso libre, en canto ao uso da linguaxe é moi distinto ao da nosa vida cotiá. Grazas á lectura e á escrita podemos enriquecer o noso vocabulario e relacionarnos cun uso da linguaxe máis amplo e diversificado.

-A poesía, e en concreto a declamación e escoita de poesía, permítenos acceder a unha forma de coñecemento diferente. Cando asistimos a un recitado e interpretación dun texto non sempre accedemos á mensaxe do texto a través da comprensión intelectual da realidade, senón do feito de estar implicado nela. O ritmo, a rima, a intención, os xestos etc. transforman ese acontecemento comunicativo nunha vivencia, en que todos os sentidos están operando, quizais exceptuando o do olfato, e o entendemento racional

non é o centro.

-Tanto é así, que **amplía a nosa conciencia, afirma a nosa sensibilidade e renova a nosa comprensión do mundo**. Podería dicirse que a declamación e interpretación de poemas implica ao público na realidade imaxinaria para que constrúa o seu sentido, ascendendo deste xeito, a unha maneira de coñecer diferente daquela á que estamos afeitos.

-A lectura de poemas do pasado accesibles ao alumnado é unha ocasión para poder observar a través do tempo. Permítenos comprobar como a xente experimenta o mundo en distintas épocas de maneira diferente, e como a sensibilidade das persoas e dos pobos cambia duns tempos a outros.

Pero tamén é moi interesante coñecer e experimentar cos formatos de poesía oral máis actuais, xa que o alumnado se sentirá máis identificado ao recoñecer os elementos da súa realidade nos poemas, na propia linguaxe e nas maneiras de dicción empregadas.

A poesía oral na actualidade

Mentres que nas súas orixes e durante moito tempo a poesía estaba ligada a un tipo de cultura oral e popular, posteriormente pasou a ser, na súa forma máis común, un xénero literario escrito e dirixido a un público minoritario e selecto. Na actualidade, con todo, está a ocorrer un fenómeno moi rechamante: a aparición de novos xéneros poéticos orais destinados a un público moi amplo e variado.

Parece existir hoxe en día un interese crecente pola oralidade, feito que é facilmente visible nas lecturas realizadas en recitais, congresos, festivais etc., pero tamén en medios de comunicación como radio, internet, ou en audiolibros. Xurdiron, ademais, novos tipos de manifestacións poéticas orais, como a gran variedade de concursos de declamación, ou o *poetry Slam*, entre outros.

Unha das características principais da oralidade directa é que esixe adaptarse aos tempos da realización poética, compartidos pola persoa emisora e persoa receptora. O acto poético na oralidade directa é sempre único e irreversible. Destaca Zumthor que neste tipo de actos poéticos “O oínte forma parte da performance. O labor que desempeña non contribúe menos que o do intérprete para constituíla [...] o seu sitio é inestable: oínte?, narrador? No seo dos costumes orais, as funcións tenden sen cesar a intercambiarse” (1991:240).

Metodoloxía

Módulo 1. Obradoiro slam/spoken word

A) Creación de textos poéticos

-Procurar formas de creación poñendo especial énfase nos tropos e figuras que afectan á oralidade. O ritmo, a sonoridade e a fonética do texto e a súa fusión coa música.

-Análise e composición de textos que poñan de relevo á poesía híbrida con outros xéneros propios da oralidade: o poema-monólogo/diálogo, o poema-microrrelato, o poema-performance...

B) Interpretación oral dos textos poéticos

-Aprender técnicas e exercicios básicos para un quentamento vocal: relaxar os músculos da cara e o colo, vocalizar e procurar unha dicción o máis limpa posible. Buscar o ton da nos interpretación dentro do rango de posibilidades que ofrece a cada unha a súa propia tesitura vocal.

-Tratar de dominar a expresión facial e corporal: acompañar as palabras co ollar e a expresión facial por afinidade ou por oposición. Buscar a empatía do público a través da intencionalidade dos xestos.

Posición corporal, acompañamento coas mans etc.

-Ton e interpretación oral: buscar as diferentes posibilidades de lectura que ofrece un texto e interpretalo con base nunha intención e un sentido concretos. Transmisión comunicativa a través de textos poéticos.

C) Divisións dos contidos por sesión

1.Presentación do tema, parte teórica e mostras: vídeos, escoitas etc.

2.Traballo de mesa, escrita e preparación para a oralidade.

3.Traballo práctico: desde o inicio do curso, o apartado de traballo práctico reservarase para a preparación dun traballo individual ou colectivo, tendo en conta os distintos modos de levar á escena o texto poético. A finalidade é facer unha mostra aberta ao público ao remate da tempada.

D) Duración do módulo 1

7, 9, 14, 16, 21, 23 de maio de 2024. Total: 18 horas

No Verbum -Avda. de Samil, 17-

De 17:00 a 20:00

Módulo 2. Obradoiro de poesía expandida

A) [Poesía e outros soportes, poesía en fusión co teatro, performances poéticas, poesía e corpo...]

“El poema existe y se transforma o se amplifica con la experimentación sonora, con una pieza transmedial donde tienes cine en vivo, sonoridad, performance. El poema siempre está ahí, no se pierde, simplemente se amplifica y el cuerpo del poeta que se vuelve un performer también hace que se amplifique el propio cuerpo del poema, le da forma. No se pierde, simplemente se amplifica o se expanden las posibilidades del poema”.

Rocío Cerón

B) Que faremos no obradoiro?

Algúns exemplos das actividades que realizaremos neste obradoiro, seguirán os seguintes roteiros:

- Composición individual e colectiva de textos poéticos na que se usarán diferentes figuras, tropos e xogos de linguaxe para conseguir un manexo cómodo da linguaxe poética.
- Procurar formas de creación poñendo especial énfase nos tropos e figuras que afectan á oralidade. O ritmo, a sonoridade e a fonética do texto e a súa fusión coa música.
- Análise e composición de textos que poñan de relevo á poesía com límite entre diversas disciplinas: videopoesía, performance poética, teatro poético etc.
- Creación de texto tendo en conta a posibilidade de intervención con obxectos e o movemento do espazo.
- Compaxinar a lectura con música. Propostas diversas de interacción música-texto.
- Indagar na oposición “interpretación oral vs interpretación teatral”: semellanzas, diferenzas e límites.
- Compoñer co corpo no espazo. Movemento escénico, espazo e obxectos. Escenografía, luz etc.

C) Divisións dos contidos por sesión

1. Presentación do tema, parte teórica e mostras: vídeos, escoitas etc.
2. Traballo de mesa: escrita e preparación para a oralidade.
3. Traballo práctico: desde o inicio do curso, o apartado de traballo práctico reservarase para a preparación dun traballo individual ou colectivo, tendo en conta os distintos modos de levar á escena o texto poético. A finalidade é facer unha mostra aberta ao público ao remate da tempada.

D) Duración do módulo 2

28, 30 de maio; 6, 13, 20, 25, 27 de xuño de 2024. Total: 21 horas. No Verbum -Avda. de Samil, 17-. De 17:00 a 20:00

+ 1 día de mostra o 28 de xuño de 2024. No Café de Catro a Catro -rúa Girona, 16-. Ás 19:00

Silvia Penas 1980, natural de Vigo.

Poeta, creadora artística e performer.

O seu traballo ten como punto de partida a creación de textos, cunha forte vocación de indagar na poesía escénica e outros formatos de poesía efémera, de incorporar a palabra poética ao corpo a través da voz. Investiga noutros modos de dicir o poema, confiando en que ese “dicir” conteña unha capacidade mobilizadora cara á acción e á reflexión.

É Licenciada en Filoloxía Galega e compaxina o labor docente regrado e non regrado, tanto das materias de Lingua e Literatura coma obradoiros de creación poética e poesía expandida. Colaborou varios anos como docente do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (Concello de Vigo), na área de *spoken word*, pola súa traxectoria na poesía oral e escénica.

Como poeta foi galardoada en diversos certames como o Premio de Poesía da Universidade de Vigo 2005, co poema en cinco partes intitulado “Neste bosque”. En 2010 publica en coautoría con Elvira Riveiro o poemario *Biografía da multitude*, premio Victoriano Taibo 2009. En abril de 2013 publica *As uñas crecen*, poemario gañador do certame Manuel Lueiro Rey de poesía. En 2015 publica o libro de poemas *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*, co que obtivo o Premio de Poesía Avelina Valladares. En 2020 sae á luz *Buciños ou modelar ou amor con vento*, poemario publicado dentro do *Diario de artista. Buciños*, editado pola Fundación Xoán Piñeiro. Libro con base na documentación ao redor da vida e obra do escultor Buciños, con banda sonora e videoarte creados por Cintaadhesiva para un espectáculo en directo. No 2021 publica en lingua portuguesa o libro de poemas *O resto é céu*. Está a piques de saír do prelo coa editorial Galaxia un novo libro da súa autoría titulado *Retratos de vodas, partos e funerais*.

No terreo do Poetry Slam gañou o I Slam Poetry Vigo e do I Slam Arousa. Foi seleccionada para participar no Gran Slam Internacional de Barcelona que se celebrou en marzo de 2013 e clasificouse para o Poetry Slam Nacional de Madrid dese mesmo ano. Participou na Residencia Artística do Poetry Slam Portugal do 2018 canda outros/as participantes internacionais.

Durante o 2018 participou na creación da peza teatral *Soffa e as Postsocráticas* da compañía Inversa Teatro, onde se inclúen textos da súa autoría e é actriz principal.

A inicios do ano 2019 publica o poemario *Fronreira Paraíso*, que forma parte dun proxecto maior, cun volume sonoro homónimo e espectáculo performativo, musical e de video-creación a cargo da formación Cintaadhesiva, da cal é cocreadora, encargada da parte poética e da creación artística xunto ao músico e video creador Jesús Andrés Tejada. Esta formación conta con máis de duascenas actuacións na súa traxectoria. Teñen publicados cinco discos ata o de agora. Foron galardoados co premio Estudios Mans (2017), o 4.º posto nos Premios Narf, e foron finalistas varios anos consecutivos dos premios Martín Códax da Música na categoría de música electrónica. Tamén foron premiados en distintos festivais os seus videopoemas “The caretaker” e “Derrota programa”.

No terreo da poesía escénica e a performance, ademais de Cintaadhesiva, cabe destacar os seguintes proxectos:

En 2019, presenta no Teatro Principal de Santiago de Compostela *Anotacións para un pergamiño portátil*, proxecto que lle foi encargado expresamente polo Festival de Poesía Alguén que respira.

A finais de 2020 participa no proxecto Espazo en espera da compañía A Artística, promovido polo MARCO Vigo, como cocreadora da peza-intervención *Epoché do futuro* xunto a Xavier Bértolo e Diego M. Buceta.

Desafios de alta tensión é unha performance co-creada canda a actriz e artista María Roja e foi presentada en Lisboa no ano 2021, no marco do Colóquio: *Estar em casa com Adília Lopes*.

No 2022 presenta a peza escénica e poética *Uma mulher ainda não parou o mais longo gemido da história do mundo*, con textos do premio nobel extraídos do seu libro *O ano de 1993* e textos inéditos da autora, creada para o Congreso Internacional José Saramago, organizado pola Cátedra Saramago da Uvigo.

En maio de 2023 presenta na Cidade da Cultura, no marco do Festival Escenas do Cambio a peza de poesía escénica *Cortar, refogar, afogar*.

Ao longo destes anos ten realizado proxectos escénicos e poéticos colaborativos como membro do Colectivo Límites, tamén coa Orquesta Clásica de Vigo, e con outras entidades e formacións.

Máis información [na súa web](#).